

---

## DEICHE OLLOS E MIRACHES AS TEBRAS

Texto de IRENE SOLÀ

Tradución de MARÍA ALONSO SEISDEDOS

---

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 200 páx. 17 €  
ISBN 978-84-19213-43-3. Narrativa K. Faktoría K de Libros.


*A escuridade era morada e bulideira, opaca, carmín e azul  
asemade, zoante, lentixenta, cega, densa, brillante e fonda á vez.  
Nela inzaban vermes, pólas, tremores, veas, manchas.  
Os borranchos, indiscernibles, eran as paredes barrigudas  
dun cuarto, o teito de trabes, unha cama, unha mesa  
de cabeceira, unha cómoda, unha porta e unha fiestra.  
As tebras crepitaban. Axitábanse, moumeaban. Roncaban.  
O ronquido era nasal, xordo e áspero. Renxía, engulía e afofaba.  
A fonte do bruído era a cama e mais o vulto que durmía nela  
coa forma imperceptible dunha vella. Graúda.  
A Bernadeta tiña os ollos cerrados, as pálpebras de lagarta,  
sen pestanas, a boca aberta, os labios lilas e esluídos  
e o pelo graxo e longo, espaxado sobre o cabezal. Era fea...*

A masía Clavell agóchase nalgún punto remoto dos montes  
de Les Guilleries, no nordés de Catalunya. En tempos de guerra,  
aínda que está rodeada de cazadores de lobos, bandoleiros,  
carlistas, maquis, pantasma e demos, segue a resistir.

Habitada por mulleres, vivas e mortas, desprezadas por bruxas,  
trafulqueiras e fedellonas, os seus cuartos gardan centos de anos  
de recordos: os de Joana, que para atopar un marido fixo un pauto  
que orixinou unha proxenie maldita; os de Bernadeta, a quen  
sendo nena lle botaron tanta auga con tomiño nos ollos  
que acabou vendo o que non debía; ou os de Blanca que naceu  
sen lingua e non fala, pero observa.

Cun poderoso torrente verbal, ritmo e sentido do humor, audacia  
formal e atmosferas evocadoras, a nova novela de Irene Solà explora  
a dualidade e o vínculo intrínseco entre luz e escuridade, vida  
e morte, memoria e esquecemento, realidade e fabulación.

Logo do éxito internacional de «Canto eu e a montaña baila»,  
traducida a máis de trinta linguas, adaptada ao teatro e convertida  
en obra sinfónica, «Deiche ollos e miraches as tebras» ofrece  
unha simbiose harmónica e desbordante de imaxinación, tradición  
e prosa poética. Herdeira da literatura popular e da narración oral  
de terras catalás, a autora segue forxando unha prestixiosa  
bibliografía que bebe das fontes do imaxinario colectivo  
reconstruído, actualizado e renovado a través dun estilo preciso,  
virtuoso e subversivo.



- **Temática:** historias protagonizadas por mulleres ao longo de máis dun século, pautos co demo, o sobrenatural.
- **Destinatarios:** lectores adultos.
- **Aspectos destacables:** da autora de «Canto eu e a montaña baila», Premio Llibres Anagrama de Novela 2019 e Premio de Literatura da Unión Europea 2020, entre outros recoñecementos.
- **Avance do libro:**  
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/deiche-ollos-e-miraches-as-tebras-g>

### Irene Solà

(Malla, Barcelona, 1990)

Poeta, narradora e artista. Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Barcelona, cun mestrado en Literatura, Cine e Cultura Visual pola Universidade de Sussex. A súa estancia en Reykjavik mentres realizou o programa Erasmus foi determinante para descubrir a relación entre literatura e territorio. Recibiu o Premio Amadeu Oller polo seu primeiro poemario, «Bèstia» (2012), que foi traducido ao inglés. Coa obra coa que debutou no xénero da narrativa, «Els dics», recibiu o Premio Documenta 2017. A súa segunda novela, «Canto eu e a montaña baila» (2019), foi galardoada co Premi Llibres Anagrama de Novela, co Premio de Literatura da Unión Europea 2020, cos premios Núvol, Maria Àngels Anglada de narrativa catalá e Cálamo pola edición en castelán. Converteuse así nunha das voces máis recoñecidas e sorprendentes do panorama narrativo catalán. Ten participado en numerosos festivais literarios celebrados en Barcelona, Girona, Sitges, Santander, Londres... Recibiu bolsas á produción literaria e artística, sendo unha das artistas seleccionadas no programa Barcelona Producción-La Capilla 2017. En 2018 foi escritora residente no Alan Cheuse International Writers Center da Universidade George Mason (Virxinia, Estados Unidos) e participou no programa Writers Art Omi-Ledig House (Nova York).